

SÉNECA

ÍNDICE:

1. [Quen foi o autor?](#)
2. [Explicar a súa obra](#)
3. [Por que foi importante para a filosofía?](#)

1. Quen foi?

Lucio Anneo Séneca foi un filósofo, escritor e político romano, nacido en Córdoba (España) arredor do ano 4 a. C. e falecido en Roma no ano 65 d. C. durante o Imperio Romano. Foi conselleiro e mestre do emperador Nerón, quen máis tarde o obrigou a que se suicidase. Séneca foi un dos principais representantes do **estoicismo**, un movemento filosófico que ensinaba a vivir virtuosamente, dominar as paixóns e aceptar o destino con serenidade. Para el, a verdadeira felicidade non dependía da riqueza nin do poder, senón da sabedoría e da paz interior.

As súas obras máis importantes inclúen Cartas a Lucilio, onde dá consellos sobre como vivir ben; De la brevedad de la vida, onde reflexiona sobre o tempo e como aproveitalo ao máximo; e traxedias como Medea y Fedra, inspiradas en temas mitolóxicos.

2. Explicar a súa obra

De la brevedad de la vida é un texto escrito no ano 55 d.C.

Esta obra foi dedicada ao seu cuñado Paulino, animándoo a deixar o seu traballo, que lle ocupaba a maior parte do tempo para centrarse na vida filosófica.

A idea principal desta obra é que a vida non é tan curta como pensamos, é só que a xente non sabe como aproveitar ou facer un bo uso do tempo.

O que Séneca quere explicar con esta obra é o importante e valioso que é o tempo na vida. Non debemos perder o noso tempo en cousas sen importancia e, no seu lugar, facelo ben en cousas que nos servirán ben nas nosas vidas.

Tamén fala da necesidade que temos como persoas de estar ocupados todo o tempo, aínda que en realidade sexa peor do que pensamos, xa que perdemos moito máis tempo dese xeito.

Para Séneca, os sabios e os máis intelixentes son aqueles que saben vivir o momento e o día a día, sen pensar no pasado nin no futuro. Porque se nos centramos no pasado, non poderemos facer moito, xa que é algo que xa aconteceu e non poderemos cambialo. E se nos centramos no futuro, non é algo que poidamos planificar e garantir que pase.

3. Porque foi importante para a filosofía?

Séneca foi importante para a filosofía xa que aportou moitas cousas para á sociedade, como **difundir o estoicismo** por Roma, unha filosofía grega que ensinaba a vivir segundo a razón, dominar as emocións e aceptar o destino.

Séneca adaptou estas ideas ao mundo romano e explicounas dun xeito práctico, para que a xente puidese aplicalas na súa vida cotiá. Tamén **uniu a filosofía coa vida práctica**, non só escribía teorías, vivía o que ensinaba. Para él, a filosofía debía servir para ser mellor persoa, soportar o dor, a pobreza ou a morte con serenidade, por iso, o seu pensamento segue estando presente. Por último, Séneca **defendeu a dignidade humana** ensinando que todos os humanos somos iguais por natureza sen importar ser escravo.